# “LOS MÉDICOS Y SANITARIOS DE GAZA SALVAN VIDAS QUE ES JUSTO LO QUE ISRAEL QUIERE ELIMINAR, LA VIDA PALESTINA”, DESTACÓ REFAAT ALATHAMNA AL RECOGER EL RECONOCIMIENTO INTERNACIONAL ACAMPA A LA DEFENSA DE LOS DDHH

*Mohamed Safa: El genocidio al que asistimos no es huérfano, es un genocidio colectivo e internacional”; “El tercer mundo ya no es un concepto geográfico sino que se ha convertido en la desigualdad jerarquizada, racial”.*

*Javier Fesser: “Refaat representa los valores humanos que el agresor odia”, “el pueblo palestino tiene mucho que enseñarnos”*

**A Coruña, 11 diciembre de 2025.-**Aplauso merecido y emocionado el de la ciudadanía coruñesa a los doctores palestinos Refaat Alathamna y Mohamed Safa, receptores de los Reconocimientos Acampa a la defensa de los Derechos Humanos 2025. Y a través de ellos a todos los médicos y sanitarios de Gaza, que durante más de dos años se mantuvieron en sus puestos, atendiendo las gravísimas heridas que el estado genocida de Israel causaba con sus bombas todos los días a miles de palestinos atrapados en la Franja, y a todos los activistas defensores de la causa palestina. Unos profesionales que ejemplifican, mejor que nadie, la razón por la que nacieron los Reconocimientos Acampa, la importancia de saber qué lado es el correcto y la irrenunciable defensa de la dignidad y los DDHH

Lo explicó muy bien el Dr. Refaat Alathamna en su intervención, en la que destacó el valor y la importancia del apoyo de una ciudadanía que en toda Europa salió a las calles en apoyo al pueblo palestino. “En una situación tan extremadamente difícil como en la que nos encontrábamos sentir ese apoyo nos permitía aguantar cada día. Alathamna recordó a sus compañeros médicos y sanitarios, muchos de ellos fallecidos y heridos, agradeciendo en su nombre el Reconocimiento. “Casi el 80% del sistema sanitario está destruido en Gaza, pero siguen trabajando pese a los ataques de Israel; los médicos y sanitarios salvan vidas y por eso son objetivo de Israel, que quiere acabar con los que cuidan la vida”. Gaza los necesita a todos ustedes, concluyó.

“Refaat representa muy bien la lucha sin cuartel en pos de la solidaridad y la supervivencia de un pueblo que tiene tanto que enseñarnos; representa los valores humanos que el agresor odia”, destacó el cineasta Javier Fesser, añadiendo que a la vista de lo poco que han podido o han sabido hacer ante el genocidio todos los países, “Gaza parece ser el único lugar real sobre la tierra”.

En su intervención tras recibir el Reconocimiento Acampa a la defensa de los Derechos Humanos en la categoría Galicia, Mohamed Safa señaló la importancia de un reconocimiento que pone en valor la necesidad de defender los pilares fundamentales, la libertad, la solidaridad como concepto amplio, la empatía con los que están oprimidos. Narró Safa sus primeros recuerdos en la Cisjordania ocupada y cómo creció frente a ella su palestinidad. “El genocidio al que asistimos no es huérfano, es un genocidio colectivo e internacional”; “el tercer mundo ya

no es un concepto geográfico sino que se ha convertido en la desigualdad jerarquizada, racial". Invitó a seguir salvando las voces silenciadas y a recuperar y defender la memoria viva y la esperanza.

**Refaat Alathamna.**Este médico anestesista e intensivista, formado en Bolivia, que recogió el Reconocimiento en representación de todos los médicos y sanitarios de Gaza llegó hace muy pocos días a España, con la ayuda de Javier Fesser, escapando junto con su familia, extenuados, del infierno gazatí. Aterrizó en Madrid con su mujer y sus seis hijos, el último de ellos nacido en Jordania a los cuatro días de ser evacuados. Durante muchos meses las redes sociales de Alathamna sirvieron para que el mundo conociera la realidad que allí acontecía, cómo llegaban los muertos y los heridos, por cientos, cada día, a los hospitales, destrozados por los ataques israelíes, para ser atendidos en condiciones infrahumanas en el suelo, hacinados. También nos narró la agonía de buscar comida cada día para sus hijos, o madera para poder calentarse, o cobijo donde resguardarlos. Con él compartimos el miedo y también la esperanza en esa promesa a sus hijos hoy cumplida: os voy a sacar de aquí.

**Mohamed Safa.** Este oftalmólogo afincado en Costa da Morte desde hace décadas tiene mucho que ver en la sensibilidad y cercanía de toda Galicia con el pueblo palestino. Su solvente voz y su activismo en la defensa de los derechos de su pueblo y su compromiso inquebrantable lo convierten en un referente indiscutible en la materia. Conferencias, publicaciones, intervenciones en medios… cualquier fórmula para acercar a la ciudadanía la realidad de la causa palestina. Como cuenta un conocido, "en Costa da Morte conocemos más de Palestina, la sentimos más cerca, que de alguna parroquia perdida de estos municipios y eso es por el activismo de Safa".

GALEGO/

## "OS MÉDICOS E SANITARIOS DE GAZA SALVAN VIDAS QUE É XUSTO O QUE ISRAEL QUERE ELIMINAR, A VIDA PALESTINA", DESTACOU REFAAT ALATHAMNA AO RECOLLER O RECOÑECEMENTO INTERNACIONAL ACAMPA Á DEFENSA DOS DDHH

*Mohamed Safa: O xenocidio ao que asistimos non é orfo, é un xenocidio colectivo e internacional"; "O terceiro mundo xa non é un concepto xeográfico senón que se converteu na desigualdade xerarquizada, racial".*

*Javier Fesser: "Refaat representa os valores humanos que o agresor odia", "o pobo palestino ten moito que ensinarnos"*

**A CORUÑA, 11 DE DECEMBRO DE 2025.-** Aplauso merecido e emocionado o da cidadanía coruñesa aos doutores palestinos Refaat Alathamna e Mohamed Safa, receptores dos Recoñecementos Acampa á defensa dos Dereitos Humanos 2025. E a través deles a todos os médicos e sanitarios de Gaza que durante máis de dous anos mantivéronse nos seus postos, atendendo as gravísimas feridas que o estado xenocida de Israel causaba coas súas bombas

todos os días a miles de palestinos atrapados na Franxa, e a todos os activistas da causa palestina. Uns profesionais que exemplifican, mellor que ninguén a razón pola que naceron os Recoñecementos Acampa, a importancia de saber que lado é o correcto e a irrenunciable defensa da dignidade e os DDHH.

Explicouno moi ben o Dr. Refaat Alathamna na súa intervención, na que destacou o valor e a importancia do apoio dunha cidadanía que en toda Europa saíu ás rúas en apoio ao pobo palestino. "Nunha situación tan extremadamente difícil como na que nos atopabamos sentir ese apoio permitíanos aguantar cada día. Alathamna lembrou aos seus compañeiros médicos e sanitarios, moitos deles falecidos e feridos, agradecendo no seu nome o Recoñecemento. "Case o 80% do sistema sanitario está destruído en Gaza, pero seguen traballando a pesar dos ataques de Israel; os médicos e sanitarios salvan vidas e por iso son obxectivo de Israel, que quere acabar cos que coidan a vida". Gaza necesítaos a todos vostedes, concluíu.

"Refaat representa moi ben a loita sen cuartel en pos da solidariedade e a supervivencia dun pobo que ten tanto que ensinarnos; representa os valores humanos que o agresor odia", destacou o cineasta Javier Fesser, engadindo que "á vista do pouco que puideron ou souberon facer diante do xenocidio todos os países, Gaza parece ser o único lugar real sobre a terra".

Na súa intervención tras recibir o Recoñecemento Acampa á defensa dos Dereitos Humanos na categoría Galicia, Mohamed Safa sinalou a importancia dun recoñecemento que pon en valor a necesidade de defender o fundamental, a liberdade, a solidariedade como concepto amplo, a empatía cos que están oprimidos. Narrou Safa os seus primeiros recordos na Cisxordania ocupada e como creceu fronte a ela a súa palestinidade. "O xenocidio ao que asistimos non é orfo, é un xenocidio colectivo e internacional"; "o terceiro mundo xa non é un concepto xeográfico senón que se converteu na desigualdade xerarquizada, racial". Convidou a seguir salvando as voces silenciadas e a recuperar e defender a memoria viva e a esperanza.

Refaat Alathamna. Este médico anestesista e intensivista, formado en Bolivia, que recolleu o Recoñecemento en representación de todos os médicos e sanitarios de Gaza, chegou hai moi poucos días a España, coa axuda de Javier Fesser, escapando xunto coa súa familia, extenuados, do inferno gazatí. Chegou a Madrid coa súa muller e os seus seis fillos, o último deles nado en Xordania aos catro días de ser evacuados. Durante moitos meses as redes sociais de Alathamna serviron para que o mundo coñecese a realidade que alí acontecía, como chegaban os mortos e os feridos, por centos, cada día, aos hospitais, esnaquizados polos ataques israelís, para seren atendidos en condicións infrahumanas no chan... Tamén narrounos a agonía de buscar comida cada día para os seus fillos, ou madeira para poder quentarse, ou acubillo onde resgardalos. Con el compartimos o medo e tamén a esperanza nesa promesa aos seus fillos hoxe cumprida: vouvos sacar de aquí.

Mohamed Safa. Este oftalmólogo afincado en Costa da Morte desde hai décadas ten moito que ver na sensibilidade e proximidade de toda Galicia co pobo palestino. A súa solvente voz , o seu activismo na defensa dos dereitos do seu pobo e o seu compromiso inquebrantable convérteno nun referente indiscutible na materia. Conferencias, publicacións, intervencións en medios…

calquera fórmula para achegar á cidadanía a realidade da causa palestina. Como conta un coñecido, “en Costa da Morte coñecemos máis de Palestina, sentímola máis preto, que dalgunha parroquia perdida destes municipios e iso é polo activismo de Safa”.